

Preparar un CD de Windows personalizado

Sumario

- 1 Introducción a nLite e vLite
- 2 nLite
- 3 vLite
- 4 Enlaces interesantes

Introducción a nLite e vLite

nLite é un asistente para crear un CD personalizado de Windows, poderemos quitar compoñentes, engadir drivers, agregar actualizacións, Service Packs,... e logo facer unha imaxe ISO que podemos pasar a un CD.

nLite é compatible con Windows 2000, XP e 2003.

Có lanzamento de Windows Vista apareceu un programa similar pero para este sistema operativo, chamado vLite.

nLite



Como xa se comentou, é unha utilidade sinxela que permite elixir libremente os compoñentes que non queres incluír na túa instalación de Windows 2000, XP e 2003, creando logo un CD instalable. Ademais poderase crear o CD engadindo as últimas actualizacións do sistema operativo (*Service Packs*), *drivers* de *hardware* que teña o equipo no que se instalará o Sistema Operativo e que non estea por defecto e moitas opcións de configuración máis.

Trátase dunha ferramenta que nos permite crear un CD de instalación de Windows totalmente personalizado.

Esta é unha utilidade *freeware* e pódese descargar dende a páxina web www.nliteos.com.

- Para a instalación de nLite precisase ter o [.NET Framework 2.0](#).

vLite



vLite é unha ferramenta para personalizar a instalación do Windows Vista.

As súas características principais son:

- Actualizacións, *packs* de linguaxes e integración dos *drivers*.
- Eliminación dos compoñentes non desexados.
- Instalación desatendida.
- Pequenos retoques á instalación.
- Creación dunha imaxe ISO e queimar un CD/DVD de instalación.

Enlaces interesantes

- [¿Como descargar actualizacións de Windows?](#)

- Double Driver para fazer copia de seguridade dos *drivers*.

--Vieites 15 out 2008